



# Promoción en ESO

[ORDE do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

## Artículo 28. Promoción

1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliación final de cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptarase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa

**2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.**

Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarán de xeito independente.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.